

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Bolsa de práctica laboral

CONVOCATORIA DE 200 BOLSAS DE PRÁCTICA LABORAL PARA A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA ANO 2018

Con fundamento no artigo 35.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión de 13 de abril de 2018, acorda aprobar a convocatoria de 200 bolsas de práctica laboral para a Deputación e os concellos da provincia de Pontevedra, que se rexerá conforme ás seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, 200 bolsas de práctica laboral, relacionadas no anexo I desta convocatoria e destinadas a persoas con títulos universitarios ou de ciclos formativos de grao superior de formación profesional, segundo os casos, e sen experiencia laboral previa no ámbito da súa titulación académica, coa finalidade de promover e completar a súa formación en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ao mercado laboral.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes

Poderán beneficiarse destas bolsas as persoas físicas que, con plena capacidade de obrar e sen estaren inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

- 1.—Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea
- 2.—Estar en posesión da titulación académica esixida no anexo I para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias
- 3.—Estar en posesión da titulación académica correspondente aos estudos obxecto da bolsa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009
- 4.—Non ter ningunha enfermidade nin incapacidade física que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa
- 5.—Non beneficiarse na actualidade dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia, tomándose como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorra desde a data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata o día da adxudicación das bolsas



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

6.—Non beneficiarse con anterioridade dunha bolsa de duración superior a seis meses dos plans de práctica laboral do organismo provincial nos distintos centros ou servizos nin nos concellos ou empresas da provincia

7.—Non beneficiarse con anterioridade dunha bolsa remunerada de duración superior a seis meses na institución provincial nin nos organismos autónomos

8.—Non renunciar con anterioridade de forma inxustificada a bolsas dos plans de práctica laboral do organismo provincial nos distintos centros ou servizos nin nos concellos ou empresas da provincia

9.—Constar no padrón de calquera termo municipal da provincia de Pontevedra desde antes do 1 de xaneiro do ano 2017 ou acreditar unha antigüidade no padrón dun mínimo de cinco anos

10.—Constar no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego

11.—Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecemento, entendendo por isto non ter anteriormente un contrato polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida nin estar dado de alta como autónomo por un período de tempo superior a seis meses en actividades relacionadas co obxecto da bolsa

12.—Acreditar o nivel Celga IV para as bolsas de titulacións universitarias e o Celga III para as bolsas destinadas a ciclos superiores de formación profesional

13.—Ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino

14.—Non incorrer en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

Terceira. Dotación económica

A dotación económica das bolsas, determinada polo nivel da titulación, será de oitocentos corenta (840,00) euros ao mes para as persoas con titulación universitaria e de setecentos corenta (740,00) euros ao mes para as de ciclos superiores de formación profesional, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 240.2410.481.01 e 240.2410.160.03.

O pagamento das bolsas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou pola parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, independentemente da súa natureza, excepto as asistencias e indemnizacións por razón do servizo, que deberá sufragar a entidade correspondente.

Estas bolsas configúranse como subvencións deste organismo provincial a persoas tituladas universitarias ou de ciclos de grao superior de formación profesional, para que poidan aplicar nos concellos colaboradores ou nos servizos da Deputación de Pontevedra os coñecementos adquiridos na formación académica impartida na universidade e nos ciclos de grao superior de formación profesional.



Non obstante, a entidade adxudicataria das bolsas de prácticas deberá sufragar os gastos de desprazamento e estancia orixinados pola realización, fóra da oficina ou da dependencia da entidade na que de forma habitual se desenvolven as prácticas, de determinados estudos e informes relacionados coa formación práctica da ou do bolseiro, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.

Cuarta. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

1) En primeiro lugar será necesario realizar unha preinscrición a través da páxina web da Deputación (www.depo.es), para o que se deberán seguir estes pasos:

- Cubrir os datos solicitados na web, correspondentes ao modelo oficial de solicitude, e premer o botón “enviar”
- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único de preinscrición

2) A continuación deberase presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscrición, debidamente asinado e dentro do prazo establecido, no Rexistro xeral da Deputación en Pontevedra (avda. Montero Ríos, s/n) en horario de 8:30 a 14:30 horas e de 17:00 a 19:00 horas de luns a venres, no da súa sede de Vigo (rúa Oporto, 3) de 9:00 a 13:00 horas de luns a venres ou a través dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou de calquera outro documento que o substitúa

b) Certificado ou volante de empadramento actualizado con data posterior ao 1 de xaneiro de 2017 no que se acredite a data de alta ou antigüidade no padrón municipal

c) Documento acreditativo da titulación académica esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo para presentar as solicitudes

d) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, para a súa valoración na fase de concurso, ou o que corresponda para os ciclos formativos segundo o previsto no R. d. 1147/2011, de 29 de xullo

e) Certificado acreditativo do nivel correspondente de coñecemento da lingua galega

f) Declaración xurada na que a persoa interesada se compromete a renunciar, en caso de ser seleccionada, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

g) Certificado que acredite non ter ningunha enfermidade nin incapacidade física que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante de que cumpre este requisito

h) Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado, con data igual ou posterior ao día no que se publica esta convocatoria. É preciso entregar todas as páxinas e, en caso de ter experiencia laboral no mesmo grupo de cotización non relacionada coa titulación, débese entregar tamén unha fotocopia do contrato de traballo e un certificado das tarefas realizadas

i) Fotocopia da tarxeta de demanda ou mellora de emprego actualizada

j) Declaración xurada de non beneficiarse na actualidade dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos nin nos concellos ou empresas da provincia, tomándose como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorra desde a data da publicación desta convocatoria ata o día en que teña lugar a adxudicación das bolsas

k) Declaración xurada de que non se beneficiou anteriormente dunha bolsa de duración superior a seis meses dos plans de práctica laboral do organismo provincial nos distintos centros ou servizos nin nos concellos ou empresas da provincia

l) Declaración xurada de non beneficiarse anteriormente dunha bolsa remunerada de duración superior a seis meses nos extinguidos organismos autónomos

m) Declaración xurada de ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino

n) Declaración xurada de que os datos consignados na solicitude son certos e que reúne as condicións esixidas para o acceso ás bolsas de práctica laboral desta convocatoria

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas pola funcionaria ou funcionario antes de seren certificadas. As solicitudes de participación deberán estar sempre seladas con independencia do órgano no que se presenten.

Así mesmo, por razón de urxencia, para as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos ou nun rexistro diferente ao da Deputación de Pontevedra, será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao correo persoal@depo.es ou por fax ao número 986 804 141.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO.

3. As persoas solicitantes estarán, en canto á presentación das instancias, ao disposto no artigo 23, nos apartados 3, 4 e 5 da LXS, en todo o que sexa aplicable, e no recollido no apartado primeiro desta cláusula.



Quinta. Emendas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias a Deputación ditará unha resolución na que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, especificando no seu caso os motivos de exclusión. Este documento publicarase en www.depo.es.

As persoas excluídas ou omitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de se produciren reclamacións deberá ditarse unha nova resolución que as estime ou desestime e que aprrobe a lista definitiva, que será publicada na web da institución provincial.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

O feito de figurar na relación de admisión non significa que se lles recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que poderán ser requiridos documentalmente no suposto de que as candidaturas que fosen admitidas superen as probas selectivas.

Sexta. Comisión de selección

Para a selección das persoas bolseiras constituirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:

- *Presidenta ou presidente*: unha xefa ou xefe de servizo ou centro da Deputación
- *Vogais*: un membro do funcionariado técnico superior, unha persoa representante da universidade e outra en representación dos concellos
- *Secretaria ou secretario*: o da Deputación ou un membro do funcionariado de carreira con titulación superior en quen delegue

Sétima. Selección das persoas bolseiras

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira será de concurso e valoración da documentación presentada polas persoas admitidas e a segunda de realización dunha proba tipo test sobre o contido do programa.

1) Primeira fase: baremo de méritos. Os méritos acreditados polas persoas interesadas serán valorados conforme aos seguintes criterios e ata un máximo de 10 puntos:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique, valorarase con 0,00 puntos



- b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos
- c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 2 puntos
- d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada coas prácticas que se van desenvolver, de nivel igual ou superior á esixida no expediente da bolsa á que opta, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutorado)
- e) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos universitarios ou de formación profesional que dan acceso á convocatoria, 1 punto
- f) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos universitarios ou de formación profesional que dan acceso á convocatoria, 0,90 puntos
- g) Por transcorrer entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos universitarios ou de formación profesional que dan acceso á convocatoria, 0,80 puntos
- h) Por transcorrer menos de dous anos desde a finalización dos estudos universitarios ou de formación profesional que dan acceso á convocatoria, 0,70 puntos
- i) Por transcorrer menos dun ano desde a finalización dos estudos universitarios ou de formación profesional que dan acceso á convocatoria, 0,60 puntos

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan unha resolución oficial da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco Español de Cualificación para a Educación Superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias e os méritos alegados dentro deste período que fosen xustificados con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

As puntuacións outorgadas serán publicadas en www.depo.es.

2) Segunda fase: proba tipo test. De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 20 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ás seguintes materias nun tempo máximo de 30 minutos:

- 1.—A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes dos españois
- 2.—O acto administrativo: concepto, clases e elementos; requisitos dos actos administrativos
- 3.—O procedemento administrativo común. Fases do procedemento
- 4.—A provincia. Organización e competencias
- 5.—O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencia



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Esta proba valorarase con entre 0,00 e 2,00 puntos.

A data e mais a hora á que deberá constituírse cada tribunal, ademais do día e a hora para a realización desta proba, serán determinadas polo deputado delegado de Persoal mediante unha resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a composición do tribunal, que se publicará mediante un anuncio en www.depo.es polo menos con 3 días hábiles de antelación.

As persoas aspirantes serán convocadas para esta proba nun único chamamento e quedarán decaídas no seu dereito as que non comparezan a realizala, agás nos casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal. Deberán presentarse para realizar esta proba provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Na realización e corrección desta proba garantirase o anonimato. As follas de respostas terán dúas seccións: a sección da esquerda, de datos identificativos, e a sección da dereita, de respostas. Ao terminar a proba cada unha das persoas aspirantes deberá separar as dúas seccións pola liña de puntos e entregárllelas aos membros do tribunal, que as introducirán en sobres diferentes ata o momento da súa corrección. Para garantir o anonimato a identificación das persoas aspirantes efectúase a través dun código único que identifica univocamente a sección de datos identificativos coa sección de respostas. Todo o proceso de lectura e gravación, tanto dos códigos de identificación como dos datos das follas de exame, realízase en tempo real, sen intervención humana e de forma transparente, para garantir a estrita imparcialidade no tratamento de todos os impresos, polo que se garante a igualdade de oportunidades das persoas participantes.

Á puntuación obtida polas persoas aspirantes na proba tipo test sumaráselle a que corresponda á valoración de méritos, e acadarase así a puntuación final.

En caso de empate nas puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase en primeiro lugar pola maior puntuación acadada na nota media global do expediente académico, en segundo lugar pola maior puntuación obtida no exame tipo test e, en último lugar, pola puntuación obtida polo tempo transcorrido desde a finalización dos estudos universitarios ou de formación profesional que dan acceso á convocatoria.

Na páxina www.depo.es publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións convocadas, indicando as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas seleccionadas deberán elixir, por orde de maior a menor puntuación, a entidade na que desenvolverán as prácticas entre aquelas que figuran no anexo I como destinatarias das bolsas convocadas.

O procedemento para a elección de destinos describirase nas instrucións que se publicarán na web da Deputación.



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Nos procesos en que se convoca máis dunha bolsa por titulación, a elección dunha entidade por parte da primeira persoa aspirante elimina esta opción para as restantes, e así sucesivamente ata esgotar as bolsas desta titulación e as entidades destinatarias.

O feito de non optar por ningún destino dos dispoñibles no momento da súa elección implica a renuncia a continuar no Plan de práctica laboral e a perda dos seus dereitos ao respecto.

Unha vez finalizado o proceso de selección e adxudicadas as bolsas cos seus correspondentes destinos, de producirse unha ampliación do número de bolsas convocadas, estes novos destinos adxudicaráselles ás candidaturas suplentes das titulacións afectadas seguindo a orde de puntuación obtida no proceso de selección descrito.

Oitava. Adxudicación das bolsas

O Servizo de Recursos Humanos e Formación, á vista das actas da comisión seleccionadora constituída e da elección realizada polas persoas bolseiras, formularalle as propostas de adxudicación das bolsas convocadas ao órgano competente para a resolución do procedemento, especificando as bolseiras e bolseiros que resulten beneficiarios das titulacións convocadas. As listas coas persoas candidatas titulares e suplentes para os casos de renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da condición de bolseira ou bolseiro publicaranse en www.depo.es.

A resolución do procedemento polo órgano competente, que lle porá fin á vía administrativa, publicarase en www.depo.es, expresando da identidade da bolseira ou bolseiro, a entidade de destino, a contía das bolsas, a duración e a data dos efectos.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 112, 123 e 124 da LPACAP, ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Por outra parte, tendo en conta que a Deputación de Pontevedra estivo adherida á Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013-2016, desenvolvida polo Goberno de España, con recoñecemento expreso por parte do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e visto o éxito dos resultados alcanzados co plan en anos anteriores, esta convocatoria ten por obxecto darlle continuidade a esta iniciativa. En previsión da adhesión a unha nova edición da Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias do Plan de práctica laboral autorizan, polo feito de participaren nel, a remisión dos datos que requira, no seu caso, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social con fins estatísticos.

Novena. Condicións xerais

Establécense as seguintes condicións xerais:



1.—As bolsas terán unha duración de 6 meses, contados desde a data na que a persoa adxudataria comece as súas prácticas na entidade correspondente, e poderán prorrogarse por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno, cumprindo o disposto na cláusula décima destas bases e sempre que exista dotación orzamentaria. En caso de urxencia poderán prorrogarse por resolución presidencial dando conta á Xunta de Goberno

2.—Os concellos e servizos participantes deberán comprometerse a facilitar a realización da práctica laboral no seu centro de destino e desenvolver un proxecto ou programa formativo que lles permita ás persoas bolseiras aplicar os coñecementos adquiridos na universidade ou nos estudos académicos de ciclo de grao superior de formación profesional

3.—As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza, excepto as asistencias e indemnizacións por razón do servizo que deberá sufragar a entidade correspondente

4.—As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario e a disciplina da Administración onde se desenvolva a súa práctica laboral, co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro, sen que poidan superar as 37,5 horas semanais

5.—O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación de Pontevedra nin cos concellos nos que se desenvolvan as prácticas, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial nin cos concellos

6.—O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R. d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na Orde ESS/55/2018, de 26 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social para o ano 2018

7.—As bolsas que queden vacantes despois do cuarto mes desde o inicio da bolsa non se cubrirán coas candidaturas suplentes

Décima. Xustificación e renovación da bolsa

1. Para tramitar a prórroga da bolsa será necesaria a seguinte documentación:

- Memoria sobre o conxunto das prácticas realizadas, na que se especifiquen os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados
- Informe de avaliación da titora ou titor no que se deberá indicar se procede ou non a prórroga

Esta documentación (a memoria e o informe) deberá presentarse no Rexistro xeral da institución provincial cun mes de antelación á data prevista de finalización.



2. A Xunta de Goberno, previo informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, resolverá esta solicitude tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado pola persoa bolseira.

Décimo primeira. Bolsas desertas

De non chegar a cubrirse o número total de bolsas convocadas para unha determinada titulación por falta de candidaturas, a entidade afectada accederá aos candidatos da titulación suplente que especificou na súa solicitude ao efecto para que lles adxudiquen as bolsas desertas, seguindo a orde de puntuación establecida. En caso de resultar tamén deserta a titulación suplente por falta de candidatos, arquivarase a solicitude da entidade afectada.

Décimo segunda. Revogación e reintegro da bolsa

En calquera momento a Xunta de Goberno poderá, a proposta das xefaturas de servizo da Deputación ou dos concellos e mediante unha resolución motivada, revogarlle a bolsa á persoa adxudicataria que non cumpra debidamente as condicións esixidas nestas bases ou as normas xerais de funcionamento da entidade de destino, aténdose ao establecido nos artigos 36 e seguintes da LXS, e suspendendo o aboamento da bolsa.

En todo caso, daranse por finalizadas as prácticas cando concorra algunha das seguintes causas:

- 1.—Quedar desertas por falta de persoas candidatas na titulación correspondente
- 2.—Quedar desertas por non haber persoas candidatas suficientes para todas as entidades solicitantes da mesma titulación
- 3.—Quedar desertas por renuncia da persoa bolseira e non ter persoas candidatas suplentes para esta titulación
- 4.—Renuncia voluntaria por parte da persoa bolseira. Esta implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que puidesen corresponderlle. As renuncias deberán estar motivadas por unha causa xustificada. En caso contrario poderá penalizarse a persoa bolseira coa imposibilidade de participar en próximas convocatorias de plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra
- 5.—Renuncia do concello á bolsa solicitada e adxudicada. A renuncia quedará supeditada á existencia de motivos xustificadas, previamente aceptados polo organismo provincial. De non existir causa xustificada penalizarase o concello coa imposibilidade de participar en próximas convocatorias ou de obter calquera outro tipo de axuda ou subvención desta institución provincial, quedando sometido ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos do 52 ao 69 da LXS
- 6.—Incumprimento das obrigas dalgunha das partes. En caso de incumprimento grave das obrigas esenciais por parte do concello adxudicatario resolverase a bolsa, podendo adxudicárselle a outra entidade que solicitase esa titulación e estea en condicións de incorporar a persoa bolseira afectada por esta situación durante o tempo restante



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

7.—Baixa por incapacidade temporal de duración superior a trinta días ou, no caso de maternidade, unha vez transcorridas as 6 semanas de descanso obrigatorio, salvo reincorporación voluntaria á bolsa da Deputación por renuncia presentada no INSS ao tempo restante que corresponda

8.—Acordo entre a entidade e a bolseira ou bolseiro

En caso de que a persoa beneficiaria incumpra as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa, concorrendo nalguna das causas previstas no artigo 37 da LXS, poderá esixírselle o reintegro total desta.

No caso de que a entidade renuncie á bolsa concedida sen causa xustificada, a Deputación realizará as xestións oportunas para poder destinar a persoa bolseira a outra entidade, co fin de darlle continuidade á bolsa de prácticas convocada pola institución provincial. Entre tanto, a bolsa quedaría en suspenso durante un período que non poderá exceder dos tres meses e a persoa bolseira pasará a ocupar o primeiro lugar da lista de candidaturas suplentes nesa titulación. Procederase do mesmo xeito nos casos de resolución da bolsa por causas xustificadas non imputables á persoa bolseira. Transcorridos os tres meses perderase o dereito á bolsa.

Décimo terceira. Suspensión

En caso de maternidade, enfermidade ou accidente, a bolseira ou bolseiro percibirá a prestación correspondente da Seguridade Social. Nese caso, a Deputación non complementará ningunha cantidade adicional á citada prestación.

Esta situación non ocasionará a finalización das prácticas, agás cando a ausencia exceda os trinta días continuados nos casos de enfermidade ou accidente e no caso de maternidade unha vez transcorridas as seis semanas de descanso obrigatorio, salvo reincorporación voluntaria por renuncia presentada no INSS ao tempo restante que corresponda. No suposto de que se supere este prazo a Deputación poderá dar por concluída a práctica laboral da persoa bolseira.

Décimo cuarta. Renuncia

No caso de que a persoa beneficiaria da bolsa renuncie antes da finalización do período de prácticas deberá informar previamente a súa titora ou titor e presentar no Rexistro xeral da institución provincial a correspondente solicitude dirixida ao Servizo de Recursos Humanos e Formación.

Nesta situación a entidade poderá solicitar que se cubra a bolsa que queda vacante polo tempo restante (sempre que non transcorresen máis de catro meses desde o inicio da bolsa) cunha candidata ou un candidato suplente, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.



Décimo quinta. Obrigas e dereitos da persoa bolseira

As súas obrigas son as seguintes:

- 1.—Incorporarse á entidade na data sinalada
- 2.—Respectar en todo momento a normativa da entidade, seguindo as instrucións que lle dean, e cumprir o programa formativo
- 3.—Ter unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento
- 4.—Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro
- 5.—Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola das outras persoas ás que lles poida afectar a súa actividade por causa dos seus actos ou omisións
- 6.—Usar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou persoa responsable das prácticas
- 7.—Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas
- 8.—Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre as informacións que poidan chegar a coñecer en relación coa actividade que desenvolvan
- 9.—Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que organice a Deputación dentro da xornada laboral
- 10.—En caso de enfermidade ou accidente, a persoa bolseira deberá comunicarlle a súa situación á institución provincial presentando o oportuno parte médico xustificativo
- 11.—En caso de renuncia, a persoa bolseira está obrigada a comunicarllo á entidade na que realiza as prácticas e ao Servizo de Recursos Humanos e Formación do organismo provincial con 7 días hábiles de antelación
- 12.—Achegar á Deputación unha copia da vida laboral actualizada unha vez transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas

Son dereitos das persoas bolseiras os seguintes:

- 1.—Recibir información sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación
- 2.—Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

3.—Gozar do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación

4.—Gozar dun permiso de 2 días hábiles de descanso por cada mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ao final do período

Décimo sexta. Obrigas dos concellos e servizos participantes

1.—Confeccionar e cumprir fielmente o proxecto ou programa formativo

2.—Facerse cargo da xestión, coordinación e seguimento das prácticas

3.—Designar unha persoa traballadora do concello, coa titulación universitaria adecuada ou experiencia laboral suficiente, para que actúe como persoa titora. Esta deberá encargarse de facilitar á persoa bolseira a súa integración na entidade, asesorala nos momentos que o necesite, velar pola súa formación e polo cumprimento da práctica, supervisar as tarefas desempeñadas, estar permanentemente ao tanto de todas as tarefas que se lle encomenden e procurar que non se lle asignen traballos que estean fóra da súa responsabilidade como persoa bolseira, informando, cando proceda, á Deputación. O incumprimento desta obriga ocasionará que se resolva a bolsa, podendo adxudicárselle a outra entidade que solicítase esa titulación e que estea en condicións de incorporar a persoa bolseira afectada por esta situación durante o tempo restante

4.—Facilitarlle á persoa bolseira os medios e recursos necesarios para a realización das prácticas e destinalle as actividades previstas no proxecto ou programa formativo

5.—Controlar o cumprimento do horario das prácticas mediante un parte de asistencia, que estará a disposición da Deputación para efectuar as comprobacións que estime oportunas

6.—Garantir unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde

7.—Velar polo cumprimento das medidas de prevención e polo uso adecuado das máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice a persoa bolseira na realización das prácticas

8.—Subscribir un seguro de responsabilidade civil, complementario do que contrate a Deputación Provincial, no caso de que a actividade práctica a desenvolver así o requira

9.—Permitirlle á persoa bolseira a realización de exames de carácter oficial cando teñan lugar dentro do horario das prácticas

10.—Permitirlle á persoa bolseira a asistencia a accións formativas relacionadas coa súa titulación

11.—Fomentar e promover actividades relacionadas co proceso de formación da persoa bolseira

12.—Conceder dous días hábiles ao mes de descanso, que poderán gozar dentro do período de duración da práctica e que serán independentes dos períodos mínimos de descanso semanal



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

13.—Sufragar os gastos de desprazamento e, se fose necesario, de estancia orixinados pola realización de determinados traballos, estudos ou informes relacionados coa formación práctica da persoa bolseira fóra da oficina ou dependencia da entidade na que de forma habitual se desenvolven as prácticas, de acordo cos límites previstos no R. d. 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo

14.—Solicitar a prórroga da bolsa un mes antes da finalización, para o que será necesaria a seguinte documentación:

- Memoria da persoa bolseira sobre o conxunto das prácticas realizadas, na que se especifiquen os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados
- Informe de avaliación da persoa titora, no que deberá indicar se procede ou non a prórroga

Esta documentación (a memoria e o informe) deberá presentarse no Rexistro xeral da Deputación Provincial cun mes de antelación á data prevista de finalización

15.—Comunicarlle ao Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local mediante o correo electrónico promociondoemprego@depo.es a renuncia á bolsa por parte da persoa beneficiaria e solicitar a súa substitución por unha persoa candidata suplente sempre que non transcorrera un prazo superior a catro meses desde o inicio da bolsa; noutro caso non se poderá solicitar a substitución

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderá dar lugar a que se dean por finalizadas as prácticas.

Décimo sétima. Responsabilidades

As beneficiarias e beneficiarios destas bolsas estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos do 52 ao 69 da LXS.

Décimo oitava. Devolución da documentación

Transcorridos seis meses desde o final do proceso selectivo destruírase a documentación presentada excepto a instancia, polo que se lles recomenda ás persoas interesadas que a retiren dentro dese prazo. A documentación das persoas seleccionadas non se destruíra e tampouco se devolverá, senón que se arquivará no seu expediente correspondente.

Décimo novena. Comisión de seguimento

Para a supervisión e control das prácticas constituirase unha comisión de seguimento, coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

A comisión estará presidida por unha deputada ou deputado provincial ou unha persoa en quen delegue, e estará integrada por tres membros do persoal técnico da Deputación.

A comisión terá as seguintes competencias no desenvolvemento do programa de prácticas:

1. Garantir que as prácticas se correspondan cos compromisos asumidos polas entidades
2. Resolver os problemas que poidan xurdir na súa execución
3. Propoñer medidas con respecto ás incidencias que xurdan durante a súa realización

A comisión reunirse con calquera das partes cando o considere necesario; como mínimo, unha vez antes de que finalice o período de duración das prácticas.

Vixésima. Dereitos supletorios

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ao previsto nestas bases, na LXS e na LPACAP.

Pontevedra, 3 de abril de 2018

O deputado delegado

Carlos López Font

O secretario

Carlos Cuadrado Romay



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

ANEXO I

Código do expediente	Nome da titulación	Núm. de bolsas	Concello ou servizo	Bolsas por titulación
2018C001	CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE	4	Deputación (Comunicación Institucional)	1
			Deputación (Novas Tecnoloxías)	1
			Marín	1
			Vilagarcía de Arousa	1
2018C002	CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	22	Baiona	1
			Crecente	1
			Deputación (Arquitectura)	1
			Gondomar	1
			Lalín	2
			Marín	2
			Moraña	1
			Mos	1
			Nigrán	2
			O Porriño	2
			Oia	1
			Pazos de Borbén	2
			Poio	1
Pontecesures	2			
Rosal, O	1			
Soutomaior	1			
2018C004	CICLO SUPERIOR EN ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	3	Crecente	1
			Sanxenxo	1
			Vilanova de Arousa	1
2018C005	CICLO SUPERIOR EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E TURÍSTICA	6	Meis	1
			Mondariz	1
			Tomiño	1
			Vila de Cruces	1
			Vilanova de Arousa	2
2018C006	CICLO SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN	1	Gondomar	1
2018C011	CICLO SUPERIOR EN CONSTRUCCIÓN METÁLICAS	1	Deputación (Centro Príncipe Felipe)	1
2018C017	CICLO SUPERIOR EN DISEÑO E EDICIÓN DE PUBLICACIÓN IMPRESAS E MULTIMEDIA/DESEÑO E PRODUCCIÓN EDITORIAL	1	Deputación (Promoción do Emprego)	1
2018C018	CICLO SUPERIOR EN DISEÑO E XESTIÓN DA PRODUCCIÓN GRÁFICA/PRODUCCIÓN EN INDUSTRIAS DE ARTES GRÁFICAS	1	Deputación (Comunicación Institucional)	1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:HP2PQZP79I4XTJY9



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Código do expediente	Nome da titulación	Núm. de bolsas	Concello ou servizo	Bolsas por titulación
2018Co22	CICLO SUPERIOR EN EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL	2	Estrada, A	1
			Illa de Arousa, A	1
2018Co23	CICLO SUPERIOR EN EDUCACIÓN INFANTIL	3	Cañiza, A	1
			Deputación (Centro Príncipe Felipe)	1
			Monzariz-Balneario	1
2018Co26	CICLO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIAS TURÍSTICAS/INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICAS	3	Deputación (Turismo Rías Baixas)	1
			Silleda	1
			Tui	1
2018Co28	CICLO SUPERIOR EN IMAXE/ILUMINACIÓN, CAPTACIÓN E TRATAMENTO DA IMAXE	1	Deputación (Comunicación Institucional)	1
2018Co29	CICLO SUPERIOR EN INTEGRACIÓN SOCIAL	2	Deputación (Centro Príncipe Felipe)	2
2018Co31	CICLO SUPERIOR EN ANÁLISE E CONTROL/LABORATORIO DE ANÁLISE E CONTROL DE CALIDADE	4	Deputación (Finca Mouriscade)	3
			Deputación (Estación Fitopatolóxica do Areiro)	1
2018Co37	CICLO SUPERIOR EN PAIXASISMO E MEDIO RURAL	1	Salvaterra de Miño	1
2018Co40	CICLO SUPERIOR EN PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS/PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS, RADIO E ESPECTÁCULOS	1	Tui	1
2018Co48	CICLO SUPERIOR EN SAÚDE AMBIENTAL	1	Deputación (Estación Fitopatolóxica do Areiro)	1
2018Co49	CICLO SUPERIOR EN SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS	1	Campo Lameiro	1
2018Co53	CICLO SUPERIOR EN XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL/XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E PAISAXÍSTICOS	7	Deputación (Medio Ambiente)	2
			Deputación (Estación Fitopatolóxica do Areiro)	3
			Deputación (Asistencia Intermunicipal)	1
			Redondela	1
2018Co56	DIPLOMATURA EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN/GRAO EN INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN/LICENCIATURA EN DOCUMENTACIÓN	6	Baiona	1
			Deputación (Museo de Pontevedra)	2
			Gondomar	1
			Lalín	1
			Nigrán	1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
 Código seguro de verificación:HP2PQZP79I4XTJ9



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Código do expediente	Nome da titulación	Núm. de bolsas	Concello ou servizo	Bolsas por titulación
2018Co58	DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA	16	Bueu	1
			Cambados	1
			Cangas	1
			Fornelos de Montes	2
			Grove, O	1
			Meis	1
			Ponte Caldelas	2
			Portas	1
			Ribadumia	1
			Salceda de Caselas	1
			Sanxenxo	2
			Tui	1
Vilaboa	1			
2018Co60	DIPLOMATURA/GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	6	Agolada	1
			Catoira	1
			Cuntis	1
			Deputación (Centro Príncipe Felipe)	1
			Mos	1
			Oia	1
2018Co64	DIPLOMATURA/GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS/RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS	7	Cambados	1
			Cangas	1
			Estrada, A	1
			Marín	1
			Mos	1
			O Porriño	1
			Redondela	1
2018Co66	DIPLOMATURA/GRAO EN TRABALLO SOCIAL	17	Arbo	1
			Barro	1
			Cuntis	1
			Deputación (Centro Príncipe Felipe)	1
			Deputación (Cohesión Social e Xuventude)	1
			Forcarei	1
			Grove, O	1
			Illa de Arousa, A	1
			Meaño	1
			Neves, As	1
			O Porriño	1
			Redondela	2
			Sanxenxo	1
			Soutomaior	1
Tomíño	1			
Vilagarcía de Arousa	1			



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Código do expediente	Nome da titulación	Núm. de bolsas	Concello ou servizo	Bolsas por titulación
2018Co67	DIPLOMATURA/GRAO EN TURISMO	2	Mondariz	1
			Vila de Cruces	1
2018Co68	ENXEÑERÍA INDUSTRIAL, ORIENTACIÓN EN ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL/GRAO EN ENXEÑERÍA EN ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL	2	Cambados	1
			Lalín	1
2018Co72	ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA/GRAO EN ENXEÑERÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA/GRAO EN ENXEÑERÍA AGRARIA/ENXEÑERÍA AGRÓNOMA	1	Cangas	1
2018Co73	ENXEÑERÍA TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS/GRAO EN ENXEÑERÍA DE OBRAS PÚBLICAS/GRAO EN ENXEÑERÍA CIVIL/ENXEÑERÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS	4	Bueu	1
			Moraña	1
			Poio	1
			Tomiño	1
2018Co79	ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL/GRAO EN ENXEÑERÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL/GRAO EN ENXEÑERÍA FORESTAL/ENXEÑERÍA DE MONTES	4	Covelo	1
			Meaño	1
			Neves, As	1
			Salvaterra de Miño	1
2018Co81	ENXEÑERÍA TÉCNICA INDUSTRIAL EN MECÁNICA/ENXEÑERÍA INDUSTRIAL, ORIENTACIÓN EN MECÁNICA/GRAO EN ENXEÑERÍA MECÁNICA.	1	Deputación (Arquitectura)	1
2018Co84	GRAO EN ARQUITECTURA/ARQUITECTURA	7	Baiona	1
			Forcarei	1
			Deputación (Cooperación)	1
			Gondomar	1
			Ponteareas	1
			Silleda	1
			Valga	1
2018Co87	GRAO EN DEREITO/LICENCIATURA EN DEREITO	8	Bueu	1
			Covelo	1
			Deputación (Cohesión Social e Xuventude)	1
			Deputación (Cooperación)	1
			Lama, A	1
			Mondariz-Balneario	1
			Nigrán	1
			Valga	1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
 Código seguro de verificación:HP2PQZP79I4XTU9



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Código do expediente	Nome da titulación	Núm. de bolsas	Concello ou servizo	Bolsas por titulación
2018Co89	GRAO EN ENXEÑERÍA DE EDIFICACIÓN/ARQUITECTURA TÉCNICA /ARQUITECTURA TÉCNICA EN EXECUCIÓN DE OBRAS	5	Guarda, A	1
			Deputación (Arquitectura)	1
			Poio	1
			Portas	1
			Rosal, O	1
2018Co93	LICENCIATURA EN FILOLOXÍA GALEGA/GRAO EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS	1	Deputación (Servizos Lingüísticos)	1
2018Co95	LICENCIATURA EN FILOLOXÍA INGLESA/GRAO EN LINGUA E LITERATURA INGLESAS	2	Deputación (Servizos Lingüísticos)	1
			Vilanova de Arousa	1
2018Co97	LICENCIATURA EN HUMANIDADES/GRAO EN CIENCIAS DA CULTURA E DIFUSIÓN CULTURAL	1	Deputación (Museo, Gabinete didáctico)	1
2018Co98	LICENCIATURA EN PSICOPEDAGOXÍA	2	Mos	1
			Ponteareas	1
20108c101	LICENCIATURA/GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	3	Cañiza, A	1
			Lama, A	1
			Poio	1
2018C103	LICENCIATURA/GRAO EN BIOLOXÍA	1	Deputación (Estación Fitopatolóxica do Areiro)	1
2018C104	LICENCIATURA/GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS	4	Campo Lameiro	1
			Deputación (Finca Mouriscade)	1
			Tomiño	1
			Vilaboa	1
2018C105	LICENCIATURA/GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE	4	Bueu	1
			Guarda, A	1
			Rodeiro	1
			Vilagarcía de Arousa	1
2018C107	LICENCIATURA/GRAO EN CIENCIAS POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN	1	Guarda, A	1
2018C108	LICENCIATURA/GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	1	Barro	1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
 Código seguro de verificación:HP22PZP79I4XTU9



Luns, 16 de abril de 2018

Núm. 73

Código do expediente	Nome da titulación	Núm. de bolsas	Concello ou servizo	Bolsas por titulación
2018C109	LICENCIATURA/GRAO EN ECONOMÍA	4	Estrada, A	1
			Deputación (Cooperación)	1
			Ponteareas	2
2018C114	LICENCIATURA/GRAO EN HISTORIA/GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Deputación (Museo de Pontevedra)	1
			Grove, O	1
			Guarda, A	1
2018C115	LICENCIATURA/GRAO EN HISTORIA DA ARTE	4	Baiona	1
			Deputación (Museo Pontevedra)	3
2018C117	LICENCIATURA/GRAO EN PEDAGOXÍA	2	Deputación (Promoción do Emprego)	1
			Salceda de Caselas	1
2018C119	LICENCIATURA/GRAO EN PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS	1	Cangas	1
2018C121	LICENCIATURA/GRAO EN TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN	3	Deputación (Servizos Lingüísticos)	2
			Deputación (Turismo Rías Baixas)	1
2018C122	LICENCIATURA/GRAO EN XORNALISMO	5	Agolada	1
			Deputación (Comunicación Institucional)	2
			Estrada, A	1
			Tui	1
2018C123	MESTRE (ESPECIALIDADE EN EDUCACIÓN INFANTIL)/GRAO EN EDUCACIÓN INFANTIL	4	Arbo	1
			Catoira	1
			Grove, O	1
			Rodeiro	1
2018C124	MESTRE, (ESPECIALIDADE EN EDUCACIÓN PRIMARIA)/GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA	3	Cambados	1
			Ribadumia	1
			Vilagarcía de Arousa	1

